

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 9 DE XULLO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

1843/05.-Redesyl, S.L.- Nave industrial e apertura (**Lap/283/05**) de almacén e venda de pinturas no Polígono de Costa Vella núm.10; SUNP-37.-

535/07.- José Manuel Pose Martínez.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar no Lugar de Vilastrexe núm.9, Vilestro.-

1676/03.- María López Botana.- Legalización de obras de reconstrucción e ampliación de edificación en Son de Abaixo núm.43.-

1606/06.- Promosan Galicia, S.L., repr. por D. Antonio López Landeira.- Edificio (3 viv.) na Avda. Mestre Victoria Míguez núm.27.-

1443/07.- Manuel Osorio Nogueira.- Viv. unif. na Rúa Porto do Medio núm.20.-

1902/06.- Urbanizadora Ibis, S.L.- Edificio adicado a oficinas no bloque 8 da parcela 4 da Área de Execución Integral A do Peri-5 de San Lázaro.-

1903/06.-Urbanizadora Ibis, S.L.- Edificio adicado a oficinas no bloque 5 da parcela 4 da Área de Execución Integral A do Peri-5 de San Lázaro.-

PARCELACIÓNS.-

1366/07.- Sara Miramontes Rodríguez.- Parcela sita no Lugar de San Silvestre (+).-

1867/06.- Mantengo 2000, S.L.- agrupación e parcelación das parcelas C-16, C-17 e C-18 do Proxecto de Compensación do SUNP-27 de Piñeiro, Polígono 1 (+).-

RECURSO REPOSICIÓN.-

3041/04.- M^a Teresa Balboa Rodríguez.- Dúas vivendas unifamiliares en Mallou de Abaixo (E).-

TRÁMITE DE EXCEPCIÓN.-

486/06.- Carlos Conde Seoane.- Ampliación de establo dedicado a gando bovino en Roxido, parcela 210 do Polígono 514 deste Concello (+).-

DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

962/07.- Angel Lugalde González.-.....Expte....1905/06.....6.000 €.-

273/07.- Rafael Souto Carlin.-.....Expte...659/03.....3000.000 ptas...(1.803,63 €).-

272/07.- Rafael Souto Carlin.-.....Expte...911/91.....360.000 Ptas...(2.163,64€).-

APERTURAS.-

Lap/43/07.- Herretam, S.L.- Apertura de carpintería metálica no Polígono de Boisaca, SUNP-34, parcelas B16-17.-

Lap/181/06.- Comercial Pardal, S.L.- Apertura de nave almacén de produtos de droguería no Polígono de Costa Vella-SUNP-37, parcela 90-B, 1º Sector.-

Lap/374/05.- A Casa dos Albardonede, S.L.- Hostal de dúas estrelas, restaurante e café-bar na Rúa Muros núm.110 B.-

Lap/341/06.- Decathlon España, S.L. Apertura de recinto armeiro no Polígono Costa Vella, SUNP-37, 1º Sector.-

APERTURAS.-

Lap/250/04.- Edmundo Estévez Raña.- Café-bar (Club de Fumadores) na Avda. Rosalía de Castro núm.128.-

Lap/312/05.- Rodrigo Balboa Rodeiro.- Apertura cafetería na Rúa de Melide núm.13.-

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas para varias familias.

6.- Adxudicación de Asistencia técnica para a realización dos traballos de Modificación do CATASTRO URBANO de Santiago de Compostela.

Adxudícase á empresa EIBISA NORTE, SL, que ofrece un 14% da cota tributaria liquidada en concepto de demoras por unidade urbana ou da cota de incorporación ao padrón se non existise liquidación con efecto retroactivo, cun mínimo de 30,05 euros e 11,60 euros pola emisión de informe de cada expediente.

7.- Prorroga do contrato de Servizo de Limpeza e Desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por Lexionela.

Apróbase a prórroga do contrato coa empresa ARUMIA, S.L, por un ano, así como a revisión do prezo de adxudicación conforme ás variacións do IPC. (24.795 euros/ano + 2,30%=25.365 euros)

8.- Revisión IPC ALUGUER do inmovible sito na rúa do Vilar nº 13, 1º andar exterior.

Apróbase a revisión do prezo de aluguer do citado lugar, utilizado polo departamento de Educación, conforme ao IPC. A renda queda fixada desde xullo de 2007 en 1.380 euros/mes.

9.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de roupa de traballo para o persoal ó servizo da Brigada municipal de Vías e Obras.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 14.500 euros.

10.- Adxudicación do Subministro de mobiliario para diversos departamentos do Concello de Santiago.

Adxudícase o subministro á empresa TECAM OFICINAS, SA por importe de 16.820 euros.

11.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de mantemento da infraestrutura da rede de telecomunicacións do Concello.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e as prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 23.424 euros.

12.- Aluguer de local para uso como Centro Sociocultural na zona da Almendra Histórica.

Adxudícase o aluguer do local de 90 metros cadrados, sito na rúa Santa Cristina, nº22, baixo, por un importe de 881 euros/mes. O contrato ten unha duración inicial dun ano a partir do 15 de xullo.

13.- Adxudicación da Asistencia técnica para a redacción dun estudio sociourbanístico sobre o barrio da ALMÁCIGA.

Adxudícase a asistencia técnica á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA por importe de 23.121 euros.

14.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro de módulo software para a publicación de varios servizos a través da carpeta cidadá do portal web do Concello.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como o inicio do expediente para a súa contratación por procedemento negociado sen publicidade, cun tipo de licitación de 29.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do convenio coa Asociación Galega de Dano Cerebral Sarela.

Apróbase a sinatura do convenio coa Asociación Galega de Dano Cerebral, por importe de 2.500 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do convenio coa Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental.

Apróbase a sinatura do convenio coa Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental, por importe de 2.500 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á aprobación do convenio entre o Concello e a Fundación Rosalía de Castro.

Apróbase a sinatura do convenio coa Fundación Rosalía de Castro, no que se establece unha colaboración económica por parte do Concello de 7.000 euros.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á devolución a partida de actividades do importe non gastado do Programa Dinamizadores ano 2007 da Rede Sociocultural Municipal.

Apróbase a devandita devolución, pola cantidade de 31.010 euros.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa a posta en marcha do programa de incentivos para proxectos de mellora da visualización da oferta comercial concurso de I+C (Imaxinación máis comercio) do Plan de Excelencia Comercial.

Apróbase a realización do Concurso I+C e as bases do mesmo, así como a realización das correspondentes retencións de crédito por un importe global de 14.500 euros.

20.- Liquidación das actividades da cabalgata de Reis 2007.

Apróbase a liquidación que arroxa as seguintes cifras:

- Gastos aprobados: 143.352 euros.
- Gastos realizados: 135.129 euros.
- Superávit da actividade: 8.222 euros.

O superávit será reintegrado na partida "Festas. Actividades".

21.- Liquidación das contas das Festas da Ascensión 2007.

Apróbase a liquidación que arroxa as seguintes cifras:

- Gastos aprobados: 332.366 euros.
- Gastos realizados: 363.913 euros.
- Déficit da actividade: 31.547 euros.

O déficit será asumido pola partida "Festas. Actividades".

22.- Proposta da concelleira delegada de Alumeado Público relativa á solicitude de subvención á Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para obras de renovación de alumeado público.

Apróbase a solicitude de subvención á Xunta de Galicia, correspondente ás obras de renovación do alumeadado público en Cesar, Barciela e Laraño (Casal, Laraño, Paredes, Munín, Pardiñas, Santomil, Coira, A Barcia e Estación de Casal).

23.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación de orzamento para a realización de traballos de mantemento xeral das instalacións escolares.

Apróbase un presuposto de 18.000 euros para acometer traballos xerais de mantemento a relizar nas instalacións escolares.

24.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á designación de representantes municipais nos consellos escolares dos centros de Santiago de Compostela.

Apróbase a designación de representantes municipais.

25.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación definitiva das listas de admisión e de espera nas escolas infantís municipais de Conxo e de Fontiñas. Curso 2007-2008.

Apróbanse definitivamente as listas.

26.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución da convocatoria de axudas sociais 2006-2007.

Apróbanse as subvencións para o persoal municipal nos conceptos de estudos 2006-2007 (53.260 euros); gardería setembro 2005-agosto 2006 (11.950 euros); sanitarias (42.262 euros); vivenda 2006 (70.672 euros). Total: 178.145 euros.

27.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á prórroga da adscrición á Concellaría de Benestar Social do inmovible situado sobre o aparcadoiro da Praza de Galicia.

Apróbase adscribir de novo, polo prazo dun ano, á Concellaría de Benestar Social o inmovible de propiedade municipal, empregado anteriormente como caseta de información turística e situado sobre o aparcadoiro da Praza de Galicia, unha vez finalizado o período de adscrición actual.

28.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución do recurso de alzada interposto por don Víctor Arceo Núñez contra acordo da Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.

Acórdase rexeitar o devandito recurso e a non revisión do acordo impugnado.

29.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta á Xunta de Goberno Local do documento refundido do Proxecto de urbanización do polígono 2 do solo urbanizable programado número 3 (SUP-3) de Ponte Pedriña.

Dáse conta do citado documento refundido.

30.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta á Xunta de Goberno Local do documento refundido do proxecto de urbanización da área de execución integral A (AEI-A) do Plan especial de reforma interior número 5 (PERI-5) de San Lázaro.

Dáse conta do devandito documento refundido.

31.- Dar conta das modificacións de proxectos de gasto no expediente de incorporación de remanentes de crédito.

Dáse conta das modificacións.

32.- Dar conta da solicitude de axuda á Consellería de Cultura e Deporte para a biblioteca municipal durante o ano 2007.

Dáse conta da solicitude de axuda á Consellería de Cultura e Deporte para mellorar a biblioteca municipal durante o ano 2007, con mobiliario e cofinanciamento de fondos bibliográficos.

33.- Dar conta da sinatura de convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Cidade Vella.

Dáse conta da sinatura de convenio, no que o Concello aporta 15.000 euros.

URXENCIAS

1.- Apróbase a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín para a realización de proxectos culturais, polo que a Fundación achega 510.000 euros como máximo.

2.- Apróbase o orzamento para as festas do Apóstolo 2007, que se celebrarán do día 13 ao 31 de xullo, por unha contía de 611.410 euros.

4.- Adxudícase o servizo de montaxe e instalación de infraestruturas para o desenvolvemento do programa Ferradura Aberta 2007 á emprsa ECULGA 2350 SL, por importe de 24.000 euros.

5.- Adxudícase o servizo de desenvolvemento das actividades do programa Ferradura Aberta 2007 a María del Carmen García Vicente, por importe de 21.000 euros.